

ASISTENTES:

Vicepresidenta:

Dna. María Xosé Porteiro García

Vogais:

Polo Consello Consultivo

Dna. Ana López Guizán

Pola Xunta de Galicia

Dna. Patricia Brión Cabanelas

Polo Consello de Contas

Dna. Isabel García Garrido

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretario:

Don Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 11.00 horas do día 27 de Abril de 2021, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 20 de Abril de 2021, ten lugar a 52 sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. - Saúda

A presidenta comunica que por motivos sobrevidos non pode asistir á reunión, polo que presidirá a reunión a Vicepresidenta, que inicia a sesión cunha benvida aos membros.

Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. - Aprobación, se procede, da acta da sesión do 23 de Marzo de 2021.

Constátase o envío da acta da sesión e estando conformes todos os membros presentes apróbase por asentimento.

3. Resolución, se procede, dos expedientes tramitados.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido
RSCTG/6/21	Inadmision Extemporanea
RSCTG/12/21	Estimación
RSCTG/13/21	Estimación
RSCTG/14/21	Estimación
RSCTG/15/21	Inadmisión Extemporáneo

Nº	Sentido
RSCTG/16/21	Estimación
RSCTG/21/21	Estimación por motivos formais
RSCTG/24/21	Estimación
RSCTG/25/21	Inadmision por extemporánea



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

4. Dáse conta do estado de tramitación dos recursos contencioso-administrativos en materia de Transparencia

- Decretada con data do 17 de marzo de 2021, a firmeza da sentenza do 25 de xaneiro de 2021, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento Ordinario 0007381/2019, pola que se estima o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Galega de Áridos (RSCTG 89/2019), procederase á súa publicación na web da Comisión da Transparencia .
- Comunicase a notificación da Sentencia 121/21 de 26 de marzo de 2021, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto por Canteira do Penedo, S.A., contra a resolución da Comisión da Transparencia de Galicia do 19 de decembro de 2018 (RSCTG 118/2018).
- Comunicase a Dilixencia de ordenación do 18 de marzo de 2021, da Letrada da Administración de Xustiza da sección Terceiro da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se acorda admitir a trámite o escrito de preparación de recurso de casación, interposto contra a Sentencia 31/2021, do 29 de xaneiro (PO 7016/20), pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo presentado contra a Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia do 29 de outubro de 2019, (RSCTG 124/19).
Remitirse, dentro do prazo concedido, a personación da Comisión da Transparencia e a oposición ao recurso de Casación.

5. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 25 de Maio de 2021 ás 11.00 horas.

6. Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 11. 42 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Dna. María Xosé Porteiro García
Vicepresidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia